



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN  
E INDUSTRIA  
Delegación Provincial

Eduardo Pondal, 64  
36071 PONTEVEDRA

17/07/07  
ENTRADA

LEVERGAL IBERICA SL  
RUA DA INDUSTRIA S/N  
36600 VILAGARCIA DE AROUSA  
(PONTEVEDRA)

**RESOLUCIÓN DA DELEGACIÓN PROVINCIAL DA CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA DE PONTEVEDRA DE INSCRICIÓN NO REXISTRO DE ESTABLECEMENTOS INDUSTRIAIS DE GALICIA**

Examinado o expediente de referencia, resultan os seguintes

**ANTECEDENTES DE FEITO**

**PRIMEIRO.** Con data 27/08/2007, LEVERGAL IBERICA SL, con CIF B36553444, solicitou perante esta delegación provincial a **inscrición** dun novo establecemento industrial situado en RUA DA INDUSTRIA S/N no Concello de VILAGARCIA DE AROUSA.

**SEGUNDO.** O expediente ten completa a documentación esixida pola normativa vixente.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**PRIMEIRO.** Que esta delegación provincial é competente para resolver segundo o Decreto 231/2006, do 23 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Innovación e Industria.

**SEGUNDO.** Que a dita documentación cumpre co establecido na Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, no R.D. 697/1995, do 28 de abril, do Rexistro de Establecementos Industriais de ámbito estatal, modificado polo R.D. 2526/1998, do 27 de novembro, e no Decreto 115/2000, do 11 de maio, do Rexistro de Establecementos Industriais de Galicia, así como na Lei 9/2004, do 10 de agosto, de seguridade industrial de Galicia.

Por todo o que antecede e no exercicio das competencias que teño atribuídas,

**RESOLVO**

**Inscribir** o establecemento industrial a nome de LEVERGAL IBERICA SL no Rexistro de Establecementos Industriais de Galicia co número 36/030509.  
Xúntanse follas de comunicación de datos ao rexistro.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, cabe interpor recurso de alzada no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao de recepción ante o conselleiro de Innovación e Industria, de acordo co disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

PONTEVEDRA, 30 de agosto de 2007

A delegada provincial



M<sup>a</sup> Montserrat Prado Cores

